

Instrución 2/2026, do 21 de maio de 2026, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, pola que se regula a tramitación interna das solicitudes de información previa sobre recoñecementos para persoas con estudos universitarios oficiais previos que desexan cursar estudos de grao ou mestrado na Universidade da Coruña no curso académico 2026/27

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Inicio do procedemento	2
Artigo 3. Mellora da solicitude e pagamento de taxa	2
Artigo 4. Informes	3
Artigo 5. Emisión da información previa.....	3
Artigo 6. Prazos	4
Artigo 7. Medio de comunicación e cómputo de prazos.....	4
Disposición derradeira única. Entrada en vigor	4
ANEXO I. Solicitude de información previa sobre recoñecementos	5
ANEXO II. Información previa sobre recoñecementos	7

PREÁMBULO

O recoñecemento da formación académica obtida con carácter previo ao inicio duns estudos universitarios oficiais require a valoración da dita formación pola Universidade da Coruña, co obxecto de comprobar a adecuación dos resultados de aprendizaxe dos estudos de orixe aos da titulación de destino.

Ata o de agora, as solicitudes de recoñecemento viñan formulándose coincidindo coa matrícula ou coa solicitude de cambio de universidade e/ou estudos, o que determinaba que, na maioría dos casos, as resolucións se ditasen unha vez iniciado o curso académico. Esta circunstancia dificultaba a planificación académica do estudantado e da docencia, así como a xestión administrativa dos centros e servizos da Universidade.

Para mellorar a referida planificación, a Normativa que regula a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2025) recolle a emisión dunha información previa sobre recoñecementos que poden solicitar as persoas con estudos universitarios oficiais previos que desexen cursar estudos de grao ou mestrado na UDC.

Esta instrución ten por obxecto regular a tramitación interna das solicitudes de información previa que se presenten para o curso académico 2026/27, sen prexuízo

da súa eventual prórroga se, tras a avaliación dos seus resultados, se considera conveniente darlle continuidade.

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta instrución é regular a tramitación interna das solicitudes de información previa presentadas por persoas que teñan cursados, total ou parcialmente, estudos universitarios oficiais españois ou estranxeiros e estean interesadas en cursar estudos oficiais de grao ou mestrado na Universidade da Coruña (UDC) no curso académico 2026/27, para os efectos de poder indicarlles con carácter orientativo os recoñecementos que poderían resultar aplicables aos seus estudos.

Artigo 2. Inicio do procedemento

1. A persoa interesada presentará, a través do Rexistro Electrónico da UDC, unha solicitude de información previa conforme o modelo que figura como anexo I, dirixida á administración/UXAI do centro en que se imparta a titulación de destino.
2. A presentación da solicitude de información previa é voluntaria e non constitúe requisito para a admisión nin para a posterior solicitude formal de recoñecemento de créditos.

Artigo 3. Mellora da solicitude e pagamento de taxa

1. Recibida a solicitude, a administración/UXAI comprobará, no prazo máximo de cinco días hábiles, a existencia ou non de táboas de recoñecementos previamente aprobadas.
2. Cando os estudos de orixe fosen cursados na Universidade da Coruña e existan táboas de recoñecemento aplicables que resolvan a totalidade das solicitudes formuladas, non será necesaria a achega de documentación adicional nin o pagamento de taxa.
3. Cando non existan táboas de recoñecemento aplicables ou estas non inclúan a totalidade das materias recollidas na solicitude, remitiráselle un correo electrónico á persoa interesada coa indicación de que achegue a documentación necesaria para a identificación dos estudos e materias de orixe, de acordo co artigo 18.5 da Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos da Universidade da Coruña. Para estes efectos, será suficiente a presentación dunha copia simple dos documentos que se acheguen.
4. No mesmo correo electrónico informarase á persoa interesada, de ser o caso, da taxa aplicable á emisión de información previa (establecida por acordo do Consello Social do 29/05/2024, modificado por acordo do Pleno do Consello Social do 05/11/2025), e remitiráselle o documento de pagamento.
5. O prazo para a achega da documentación e a entrega do xustificante de pagamento da taxa será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao envío da comunicación á persoa interesada. A falta de presentación da documentación requirida ou de

acreditación do pagamento determinará que se lle dea por desistida da súa solicitude e que se proceda ao arquivo do expediente.

5. Arquivada a solicitude de información por falta de achega da documentación requirida ou por non acreditarse o pagamento da taxa no prazo concedido, só se atenderán novas solicitudes de información cando concorran circunstancias debidamente motivadas ou se producisen modificacións relevantes dos datos que cómpre facilitar, tales como a existencia de cambios no plan de estudos ou nas táboas de recoñecemento aplicables.

Artigo 4. Informes

Cando resulte necesario para a valoración dos recoñecementos solicitados, a administración/UXAI poderá solicitar un informe académico ao/s departamento/s competente/s, que deberá ser remitido no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte á recepción da comunicación.

Para a emisión do devandito informe, no prazo do parágrafo anterior, os departamentos recabarán do profesorado responsable das materias implicadas a información que se precise.

Artigo 5. Emisión da información previa

1. Unha vez completada a tramitación, a administración/UXAI elaborará a proposta de información previa conforme o modelo do anexo II, que será remitida á persoa titular do decanato ou dirección do centro para a súa validación.

2. A persoa titular do decanato ou dirección do centro validará a proposta de información elaborada pola administración/UXAI e ordenará a súa comunicación á persoa interesada.

3. Na comunicación que se efectúe á persoa interesada advertiráselle que ten carácter informativo, que a información está limitada ao curso académico 2026/27 e poderá verse afectada por modificacións posteriores nos expedientes académicos ou nos plans de estudo.

Indicaráselle, así mesmo, que a información non é unha resolución administrativa, non produce os efectos de resolución de recoñecemento nin é susceptible de recurso, sen prexuízo dos que procedan, de ser o caso, contra a resolución do procedemento de recoñecemento de créditos.

4. Finalizado o período de información previa, a persoa titular do decanato ou da dirección do centro convocará a comisión con competencias en materia de recoñecementos para actualizar as táboas de recoñecementos de acordo cos informes realizados, no prazo máis breve posible.

Artigo 6. Prazos

Para favorecer unha axeitada planificación académica do estudantado e da docencia, así como a xestión administrativa dos centros e servizos da UDC, as actuacións recollidas nesta instrución axustaranse aos seguintes prazos:

- O prazo para a presentación de solicitudes de información previa remata o 5 de xuño de 2026.
- A información previa será emitida e notificada antes do 7 de xullo de 2026.

Artigo 7. Medio de comunicación e cómputo de prazos

Para os efectos do presente procedemento, o único medio de comunicación coa persoa interesada será o correo electrónico indicado na solicitude de información previa.

Os prazos establecidos nesta resolución computaranse desde o día seguinte á data de envío das correspondentes comunicacións electrónicas, de modo que será responsabilidade exclusiva da persoa solicitante a comprobación periódica do correo electrónico facilitado, así como garantir que este se atope operativo e habilitado para a recepción de comunicacións.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade da Coruña.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

ANEXO I. Solicitud de información previa sobre recoñecementos

Relación de datos de destino/orixe e materias obxecto de valoración

Este anexo debe presentarse no Rexistro Electrónico da UDC dirixido ao centro da titulación de destino.

A. Centro e titulación de destino/Universidade e titulación de orixe

Apelidos e nome		DNI/NIE/Pasaporte	
Correo electrónico para efectos de comunicación*		Teléfono	
Centro de destino (facultade/escola)		Titulación de destino (UDC)	
Nivel	<input type="checkbox"/> Grao <input type="checkbox"/> Mestrado universitario	Curso académico	2026/27
Procedemento de acceso	<input type="checkbox"/> Preinscrición <input type="checkbox"/> Cambio de universidade e/ou estudos		
Universidade de orixe		País	
Titulación de orixe		Estado dos estudos	<input type="checkbox"/> Finalizados <input type="checkbox"/> Parciais/en curso

**Para os efectos do presente procedemento, o único medio de comunicación coa persoa interesada será o correo electrónico indicado, polo que será responsabilidade exclusiva da persoa solicitante a comprobación periódica do correo electrónico facilitado, así como garantir que este se atope operativo e habilitado para a recepción de comunicacións.*

B. Relación das materias respecto das que se solicita información previa (recoñecemento)

Inclúa as materias da titulación de orixe que pretende utilizar para o recoñecemento (materias superadas ou materias en que a persoa interesada estea matriculada no curso actual)

Materia de orixe	ECTS	Curso

A Coruña/Ferrol, de de

(sinatura)

ANEXO II. Información previa sobre recoñecementos

Expediente: [código/ano]	
Centro: [denominación do centro]	
Titulación de destino: [grao/mestrado – denominación]	
Administración/UXAI: [denominación]	

ASUNTO: información previa sobre recoñecementos (curso 2026/27)

ANTECEDENTES

Persoa interesada: [nome e apelidos]	
DNI/NIE/pasaporte: [número]	
Correo electrónico:	
Estudos de orixe: [universidade/centro – titulación – país] (cursados entre [aaaa/aaaa])	
Vía prevista de acceso á UDC: [preinscrición / cambio de universidade e/ou estudos]	

1º. A solicitude tramitouse conforme a Instrución .../2026, de, do vicerreitor de Títulos e Internacionalización, pola que se regula a tramitación interna das solicitudes de información previa sobre recoñecementos para persoas con estudos universitarios oficiais previos que desexan cursar estudos de grao ou mestrado na Universidade da Coruña no curso académico 2026/27.

2º. Logo de analizar a solicitude, resulta que:

a totalidade dos recoñecementos solicitados resultan aplicables mediante táboa de recoñecementos previamente aprobada para a titulación de destino (táboa/versión/data: [referencia]).

non existe unha táboa de recoñecementos aplicable, ou ben a táboa existente non resolve a totalidade dos recoñecementos que se inclúen na solicitude, polo que se remitiu a documentación ao departamento competente.

3º. O día [dd/mm/aaaa] recibíuse o informe académico do departamento [denominación], emitido pola súa secretaría académica.

4º. O día [dd/mm/aaaa] a administración/UXAI formula a seguinte proposta de información previa.

5º. Instruído o procedemento, a administración/UXAI do centro formula á persoa titular do decanato/dirección a proposta de información previa que figura a continuación.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeiro.– Competencia

Corresponde á persoa titular do decanato/dirección do centro validar a información previa sobre recoñecementos a proposta da administración/UXAI do centro.

Segundo.– Natureza e efectos

A solicitude formulada pola persoa interesada non substitúe a solicitude formal posterior de recoñecemento de créditos nin, de ser o caso, o procedemento de cambio de universidade e/ou estudos.

Esta información previa ten carácter orientativo, está limitada ao curso académico 2026/27 e poderá verse afectada por modificacións posteriores no expediente académico ou no plan de estudos.

Esta información non é unha resolución administrativa, non produce os efectos de resolución de recoñecemento nin é susceptible de recurso, sen prexuízo dos que procedan, de ser o caso, contra a resolución do procedemento de recoñecemento de créditos que poda ditarse.

Información previa sobre recoñecementos (curso 2026/27)

Relación de materias/créditos

Materias/actividad es de orixe (código – denominación – ECTS)	Materias de destino (código – denominación – ECTS)	Tipo (FB/OB/OP)	ECTS recoñecidos	Observacións /condicións
Ex.: [código] – [denominación] – [X]				

Nota: engádanse tantas filas como sexa necesario; indíquese a referencia (táboa/informe departamental) no campo de observacións cando proceda.

O número total de créditos que, con carácter informativo e previo, poderían ser recoñecidos é de [XX] ECTS.

A persoa responsable da administración/UXAI

[Nome e apelidos]

[Cargo]

Visto e prace

A persoa titular do

decanato/dirección

[Nome e apelidos]

Data e sinatura